



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018]

1. CONVENIO CO IGVS PARA A POSTA EN MARCHA DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA PARA 2018

En virtude do convenio asinado o pasado 15 de maio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e o Consello da Avogacía Galega, o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela vai poñer en marcha o servizo de asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda para este ano 2018.

En consecuencia, a partir do 01.06.2018 este servizo volverá estar en funcionamento. As designacións de letrado realizaranse semanalmente a partir da lista existente nos anos anteriores (2016-2017) e mantendo a orde de designacións do último ano. Achégase unha copia da lista coas designacións ata final de ano.

A prestación do servizo realizarase nos seguintes termos:

- Efectuarase unha designación semanal pola que o letrado/a percibirá **50 euros**.
- No caso de recibir algunha solicitude de asesoramento, o letrado/a acudirá ás oficinas do Colexio o mércores en que foi designado/a para prestar de forma presencial o asesoramento (en horario de 10.00 a 13.00 h). Por esta asistencia presencial o letrado/a percibirá **outros 100 euros**. (Polo tanto, o letrado/a designado/a cobrará como mínimo 50 euros e, se ademais tivese que asistir o mércores ao colexio para prestar asesoramento a algunha persoa citada, cobraría a maiores outros 100 euros por esta xornada.)
- O día anterior dende a secretaría do colexio informarase ao letrado designado de se hai persoas citadas para a xornada do mércores.

Achégase a lista de designacións para o 2018 (PDF).

Incorporación á lista

Ao tratarse dunha lista aberta, aqueles colexiados que non estean dados de alta poderán solicitar a súa incorporación, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ser letrado/a exercente e residente do ICA de Santiago.
2. Estar dado/a de alta na quenda de oficio, na especialidade xurisdiccional civil (en calquera partido xudicial pertencente a este colexio).

As novas altas pasarán ao final da lista existente.



2. RECORDATORIO DE XORNADAS: “NOVIDADES XURISPRUDENCIAIS SOBRE CONDICIÓNNS XERAIS DE CONTRATACIÓN (CLÁUSULAS CHAN, CLÁUSULAS ABUSIVAS E GASTOS)”

Día: 29 de maio

Lugar: salón de actos

Hora: 18.00 h

Relatora: D^a Eva Martínez Gallego (maxistrada do Xulgado de 1^a Instancia Núm. 4 de Ourense)

Día: 12 de xuño

Lugar: salón de actos

Hora: 19.00 h

Relatora: D. Daniel González Uriel (maxistrado do Xulgado de 1^a Instancia Núm. 7 bis da Coruña)